


Musigaliza-te

Proxecto interdisciplinario de aprendizaxe-servizo para a normalización lingüística e a dinamización sociocultural a través do patrimonio musical galego

CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ÍNDICE

1. Título do proxecto.....	3
2. Introducción.....	3
2.1. Contexto. Análise sociolingüística do centro.....	3
2.2. Xustificación do proxecto.....	7
3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos.....	9
3.1. Obxectivos a curto prazo.....	9
3.2. Obxectivos a longo prazo.....	10
4. Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar o propósito...10	
4.1. Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo.....	10
4.2. Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo.....	11
5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	11
6. Xestión e calendario.....	13
7. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.....	14
7.1. Profesorado participante. Funcións e tarefas.....	14
7.2. Alumnado participante (curso, nivel, número).....	15
7.3. Outros membros da comunidade educativa.....	15
8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto.....	15
9. Orzamento. Xustificación e desagregación.....	15
10. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.....	17
11. Medidas de difusión do proxecto.....	17
11.1. Accións, canles ou vías, medios e formatos.....	17
11.2. Alcance.....	17
12. Plan de avaliación.....	17
12.1. Criterios e indicadores para a avaliación.....	17
12.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.....	20
13. Referencias documentais.....	20
14. Anexos (fóra dos 33.000 caracteres).....	22
14.1. Enquisa para a avaliación do contexto sociolingüístico do centro.....	22
14.2. Enquisa para a avaliación competencial e actitudinal do profesorado.....	26
14.3. Enquisa para a avaliación competencial e actitudinal das familias e do alumnado.....	28


1. Título do proxecto

Musigaliza-te: proxecto interdisciplinario de aprendizaxe-servizo para a normalización lingüística e a dinamización sociocultural a través do patrimonio musical galego.

2. Introducción

2.1. Contexto. Análise sociolingüística do centro

De acordo coa obra *A Planificación Lingüística nos centros educativos* (Fernández Paz, A., Lorenzo Suárez, A. e Ramallo, F., 2008), realizamos unha primeira fase diagnóstica para coñecermos os catro índices máis relevantes para determinarmos a situación sociolingüística do CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto. Estes índices son:



Fonte: Adaptación de Fernández Paz, A., Lorenzo Suárez, A. e Ramallo, F., 2008

11. O contexto sociolingüístico do centro

Nesta sección analizamos a maior ou menor presenza das linguas no contexto social e físico do Forte, Boqueixón. Para iso, temos en conta as fontes secundarias, sinaladas anteriormente, e as fontes primarias mediante enquisas en liña e entrevistas (anexo I).

a) Lingua empregada habitualmente nas familias

Etapa	Galego e máis galego que castelán	Castelán e máis castelán que galego
Primaria	44,8 %	55,2 %
Secundaria	75 %	25%

b) Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias

Alude aos usos idiomáticos da poboación de Boqueixón fóra do ámbito doméstico, no ámbito sociocomunitario. Segundo o IGE (2019), nos

concellos de menos de 10.000 hab. o uso do galego sempre e de máis galego que castelán é do 81,3 %.

c) Lingua empregada polo Concello

Este apartado fai referencia ao uso da lingua por parte do Concello para se comunicar coa cidadanía, así como o idioma utilizado polos membros da corporación municipal e o persoal funcionario. Segundo a información obtida, a lingua máis utilizada polo Concello é o galego.

d) Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno


Actividades extraescolares	Galego e máis galego que castelán	Castelán e máis castelán que galego
Primaria	17,3 %	82,7 %
Secundaria	22,3 %	77,7 %

I2. A situación do profesorado

Nesta sección analizamos as variábeis relacionadas co perfil sociolingüístico do corpo docente. Esta información é esencial, pois é o profesorado o encargado de desenvolver o presente proxecto de dinamización lingüística (anexo II).


a) Lingua habitual do profesorado

Esta variábel refírese á lingua que utiliza o profesorado na súa vida cotiá, nos ámbitos sociais fóra do traballo docente.




b) Nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente

Este apartado está relacionado coa percepción que ten o profesorado sobre a súa preparación para utilizar a lingua galega no seu labor docente.



- c) **No caso de non ser suficiente ese nivel, interésanos coñecer a disposición que teñen os docentes para faceren os cursos de reciclaxe e actualización lingüística,** necesarios para ter unha capacitación suficiente.



- d) **Actitudes en relación ao uso do do galego no ámbito educativo que se identifican entre as/os educadoras/es.** As actitudes cara ao galego son moi positivas. O profesorado aposta por unha maior presenza da lingua galega no ensino.

- e) **Actitudes do profesorado cara á normalización social do galego.** As actitudes cara ao galego son moi positivas. O profesorado aposta por unha maior presenza do galego no ámbito social.

13. A situación das familias e do alumnado

Nesta sección indagamos no perfil sociolingüístico do alumnado e das familias, tanto no plano competencial como no actitudinal (anexo III).

a) **Lingua empregada habitualmente no seu ámbito familiar**

Esta variábel dá conta da lingua empregada polos membros das familias do alumnado.

Curso	Galego e máis galego que castelán. En %	Castelán e máis castelán que galego. En %
4º ed. primaria	42,85	57,15
3º da ESO	80	20

- b) **Lingua utilizada costumeiramente polo alumnado no ámbito escolar.**

Curso	Galego e máis galego que castelán. En %	Castelán e máis castelán que galego. En %
4º ed. infantil	100	0
5º ed. infantil	93,75	6,25
6º ed. infantil	71,42	28,58
2º ed. primaria	38,09	61,91
4º ed. primaria	30,09	69,91
3º da ESO	40	60

c) Actitudes cara á normalización social do galego que se constatan entre o alumnado.

As actitudes na etapa de ensino primario son en xeral positivas; no entanto, detéctanse prexuízos cara ao uso do galego no ámbito dos videoxogos e no científico. No ensino secundario constátase unha moi boa actitude cara á normalización social da lingua galega en todos os ámbitos.

d) Actitudes cara á utilización do galego no ámbito educativo que se identifican entre o alumnado. O alumnado, tanto no ensino primario como no secundario, é partidario dunha maior presenza da lingua galega no ámbito educativo.

14. Ambientalidade lingüística do centro educativo

As variábeis que analizamos neste apartado permítennos coñecermos o nivel de presenza do galego no centro educativo.

a) **Presenza do galego na documentación de carácter administrativo**, na sinalización do centro, na información dos taboleiros etc. A presenza é ampla, aínda que existen ámbitos de mellora como o vinculado á configuración do software en galego.

b) **Utilización da lingua galega nas comunicacións orais e escritas** co alumnado, coas familias e con outras institucións. Utilízase de maneira plena a lingua galega mais emprégase tamén o castelán para as familias que chegan de comunidades hispanófonas.

c) **Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais**, é dicir, en que medida está presente o galego nas conversas que, fóra das actividades docentes, as persoas adultas do centro manteñen co alumnado. Segundo a pequena mostra obtida, no ensino primario o uso do galego por parte do profesorado e do 89,47 % e no ensino secundario redúcese ao 55 %.

- d) **Emprego do galego por parte do persoal non docente** do centro. O uso do galego é amplo entre o persoal non docente.
- e) **Utilización da lingua galega por parte da ANPA.** É ampla a información en galego.
- f) **Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares.**
A presenza do galego nas actividades extraescolares é escasa. En primaria, o 17,3 % e en secundaria, o 21,3 % das actividades é en lingua galega.
- g) **Dotación de fondos en galego na biblioteca** (libros, revistas, CD, DVD).
Detéctase unha maior presenza de fondos en castelán que en galego.
- h) **Presenza da lingua galega na utilización das TIC** (páxina web do centro, blog da biblioteca ou das clases, actividades informáticas, docencia...). A presenza do galego é ampla, coa excepción do software, frecuentemente en castelán.
- i) **Visibilidade das intervencións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.** A visibilidade das actividades do EDLG é ampla.

O indicador global

O índice obtido correspóndese cun contorno con **predominio da lingua galega**; no entanto, detéctase entre o alumnado **a primacía da lingua castelá a medida que pasan as etapas educativas**, feito corroborado cuantitativamente, ao baixar a porcentaxe de uso do galego a medida que aumenta a idade, e cualitativamente, pois o 45 % do alumnado de secundaria recoñece falar máis castelán que na etapa de infantil. Este dato é converxente cos estudos realizados polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, como o Mapa sociolingüístico escolar de Ames (Romero *et al.*, 2020), no que se identifica o carácter desgaleguizador do ámbito escolar. Tamén se detecta un **gran nivel de castelanización das actividades extraescolares**, aspecto que é coincidente con outra investigación da RAG titulada *Prácticas lingüísticas na infancia: A xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización* (Monteagudo *et al.*, 2021).

2.2. Xustificación do proxecto

Musigaliza-te é un proxecto de aprendizaxe-servizo orientado, global e interdisciplinariamente, aos diversos axentes da comunidade educativa do noso CPI (alumnado, profesorado, familias e persoal da administración e servizos) para contribuír positivamente á normalización da lingua galega e á dinamización sociocultural a través do estudo e da difusión do patrimonio musical galego.

A aprendizaxe-servizo (Centro Promotor de Aps, 2010) permítenos combinar procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto integral no que o alumnado atravesa un proceso formativo para afrontar un problema social co fin de melloralo. Neste caso, a necesidade detectada –mediante [enquisa en liña](#)– fai referencia ao descoñecemento entre a nosa comunidade educativa da produción musical en galego. A nosa comunidade educativa escoita maioritariamente música en lingua castelá, en concreto o 61,5 %, mentres que só un 7,7 % o fai en lingua galega. Por outra parte, a comunidade educativa detecta “pouca presenza da lingua galega” na música utilizada nas festas e actividades complementarias e extraescolares e constata que o noso centro ten un papel reprodutivo na distribución diglósica dos usos musicais (Bourdieu e Passeron, 1970). En positivo, o 71,8 % do alumnado aprende música fóra do centro educativo e a lingua galega é maioritaria nas asociacións culturais, nas escolas de música e na familia, malia que é minoritaria a súa presenza no conservatorio. Alén disto, a maior parte das/dos artistas galegas/os son coñecidas/os e o 42,5 % da comunidade educativa foi a máis de cinco concertos en lingua galega.

Os datos obtidos son parcialmente coherentes con aqueles rexistrados en mostras máis amplas de estudantes, como a desenvolvida por Maseda *et al.* (2021), na que sinala –para un total de mil alumnas/os– que o 80 % nunca, ou case nunca, escoita música en galego. Alén disto, un 50 % confesa no ter asistido a un concerto en lingua galega e un 40 % das e dos discentes enquisados non coñece ningunha banda ou artista que utilice a lingua galega. Do mesmo modo, Álvarez (2017, 118) sinala na investigación sobre prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galiza que, debido ao baixo nivel de identificación das e dos adolescentes coa música galega, é preciso incentivar, promover e difundir a creación musical en galego.

A finalidade central do proxecto é mellorar a proxección da música galega na nosa comunidade educativa, en colaboración con entidades asociativas, e servir de ferramenta para a dinamización social e cultural, mais tamén para a mellora das competencias lingüísticas e cívicas do alumnado. Deste modo, xeramos un proxecto circular virtuoso (Batlle, 2018), no que, por unha banda, a aprendizaxe achégalle calidade ao servizo que se presta e, pola outra, o servizo outórgalle sentido á aprendizaxe e fai que o talento do alumnado se encamiñe cara ao compromiso social e ao exercicio dunha cidadanía crítica na defensa dos seus dereitos lingüísticos e culturais. Na mesma liña, Romero *et al.* (2021) certifican a potencialidade da aprendizaxe-servizo, a partir dunha perspectiva ecolingüística, ao facilitar a implicación das e dos adolescentes nunha tarefa colectiva orientada á “preservación da riqueza cultural e lingüística, mediante o desenvolvemento de

proxectos nos que eles mesmos participen e exerzan un papel de difusión no grupo social ao que pertencen” (p. 27).

A iniciativa é debedora das recomendacións internacionais da UNESCO (Delors, 1996), ao facilitar experiencias de aprendizaxe que permitan desenvolver as capacidades de aprender a ser, saber, facer e convivir. Nesta liña, en coherencia coas achegas do Consello da Unión Europea e coa Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, o enfoque competencial vertebra o deseño, a posta en práctica e a avaliación do proxecto. As tres fases indicadas esixen dunha participación activa e democrática dos diferentes actores da comunidade educativa e parten dunha concepción holística, inclusiva e comprometida da educación (Freire, 2018). Neste sentido, o traballo en rede realizado polas persoas participantes representa un camiño de grande interese para a promoción da ética do coidado (Murray, 2013), así como do desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais e da competencia en comunicación lingüística.

En último lugar, cómpre salientar a importancia das institucións educativas na necesaria elevación do status e do poder simbólico das linguas minorizadas, neste caso do galego, para a súa plena normalización social. Neste sentido, o proxecto Musigaliza-te constitúe unha ferramenta pedagóxica e social para a divulgación –entre os membros da nosa comunidade educativa– dos valores da diversidade, o plurilingüismo inclusivo e a ecoloxía lingüística e cultural, guiados pola vella e sempre renovada idea da Xeración Nós de continuarmos a ser “célula de universalidade”.

3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos

3.1. Obxectivos a curto prazo

- Coñecer e valorar o patrimonio musical galego por parte dos membros da comunidade educativa.
- Crear un [blog](#) para recompilar todas as actividades e iniciativas desenvolvidas no proxecto.
- Identificar bandas de música de diferentes estilos musicais.
- Realizar entrevistas ás asociacións de música próximas e divulgar o seu traballo
- Deseñar unha [listaxe de reprodución en Youtube](#) con diferentes bandas e estilos musicais.
- Interpretar músicas e danzas asociadas a diversos estilos musicais.
- Coñecer a historia das heteroxéneas e ricas vangardas musicais galegas.
- Analizar e reflexionar criticamente sobre as letras e valores ligados ás cancións.

- Diseñar listaxes de cancións imprimíbeis, con códigos QR, para repartir na comunidade educativa.
- Identificar posíbeis erros ou castelanismos nas letras musicais analizadas: “Dígocho eu musical”.
- Procurar achegas da lírica e literatura contemporáneas na produción musical galega.
- Mellorar a competencia lingüística do alumnado en galego, en especial a da expresión oral.
- Estudar o papel da CRTVG na promoción e difusión da música en lingua galega.
- Organizar un festival de fin de ano académico no que se interpreten as músicas preferidas.
- Analizar a iconografía e as representacións artísticas vinculadas ás bandas e estilos.
- Aprender e interpretar unha canción en linguaxe xestual (de signos).
- Diseñar o logotipo do proxecto Musigaliza-te.
- Incrementar os usos orais das familias, do profesorado e do alumnado no centro educativo con iniciativas formativas e motivadoras, a partir da música.

3.2. Obxectivos a longo prazo

- Constituír un viveiro de bandas musicais en galego no centro.
- Formar os/as monitores/as das actividades extraescolares no modelo dun plurilingüismo inclusivo.
- Crear dinámicas de colaboración con asociacións de música galega.
- Desenvolver un proxecto integral, co apoio de servizo de normalización lingüística do Concello, para a galeguización das actividades extraescolares e de lecer.
- Coñecer fondamente o panorama musical galego por parte da comunidade educativa.

4. Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar o propósito

4.1. Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

- Constituír un club da lingua formado por alumnado de primaria e secundaria.
- Crear un blog para recoller todas as iniciativas do proxecto.
- Realizar entrevistas, en formato audiovisual, de bandas de música galegas.
- Crear artigos de opinión e achegas, en formato audiovisual, sobre diferentes bandas.
- Organizar unha listaxe de reprodución con diversos estilos e bandas de música.
- Colaborar con asociacións de música da contorna para divulgar o seu traballo.
- Interpretar musicalmente e expresar a través da danza diferentes ritmos e estilos.

- Afondar na historia das vangardas musicais galegas co obradoiro Repaso da nosa música contemporánea e o papel da muller nela. Grupo Zenzar.
- Identificar os valores subxacentes ás letras das cancións escollidas.
- Localizar os erros ou castelanismos presentes das cancións.
- Divulgar entre a comunidade educativa pasquíns con cancións de diferentes estilos músicas, con acceso a Youtube mediante códigos QR e crear a imaxe do proxecto.
- Vincular a influencia directa ou indirecta da lírica e a literatura galega no panorama musical.
- Desenvolver actividades vinculadas ao traballo da expresión oral a través de cancións galegas.
- Organizar un festival de fin de ano académico con artistas galegas.
- Coñecer o papel que está a xogar a CRTVG na promoción e difusión da música galega.
- Estudar a iconografía e as representacións artísticas vinculadas aos estilos musicais.
- Interpretar unha canción en linguaxe xestual.
- Aumentar os usos orais das familias, do profesorado e do alumnado grazas á formación.

4.2. Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

- Constituír unha rede de colaboración interinstitucional con asociacións de música galega, como a Banda de Ponte Ledesma e a Asociación Manuel Gacio, para a divulgación do seu traballo entre a comunidade educativa e a posta en valor da patrimonio musical galego.
- Estabelecer as condicións organizativas e materiais para facilitar a emerxencia de bandas musicais en galego no centro.
- Desenvolver unhas liñas formativas para monitoras e monitores das actividades extraescolares, a partir dun modelo de plurilingüismo inclusivo a partir do galego.
- Articular un proxecto integral, co apoio de servizo de normalización lingüística do Concello, para a galeguización das actividades extraescolares e de lecer.

5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía

Para pór a andar este emprendemento de aprendizaxe-servizo é necesario desenvolver tres fases, cada unha delas coas súas respectivas accións, previamente sistematizadas e organizadas. A seguir, mostramos sinteticamente cada unha delas:

PREPARACIÓN	1	Detección de necesidades	– Diminución do uso da lingua co paso das etapas educativas – Hibridación da lingua galega e castelá no plano léxico, morfosintáctico e prosódico – Escasa presenza da música galega no lecer de nenos/as e adolescentes – “Pouca presenza da lingua galega” nas festas, detectada pola comunidade educativa – Elaboración dun formulario para coñecer a situación real – Procura de investigacións semellantes —Maseda et al. (2021) e Álvarez (2017)— e constatación de coherencia cos datos obtidos no ámbito do centro
	2	Bosquexo da idea	– Defínese a idea do proxecto colexiadamente no Club da Lingua con alumnado de ensino primario e secundario – Identificamos o servizo concreto que queremos realizar: contribuír positivamente á normalización lingüística e á dinamización sociocultural a través do patrimonio musical – Describimos as aprendizaxes que nos achegaría o servizo realizado para a mellora das competencias clave, con especial interese na competencia en conciencia e expresión culturais e na competencia en comunicación lingüística.
	3	Estabelecemento de alianzas	– A ApS leva consigo a utilización de ferramentas de desenvolvemento comunitario. Neste sentido, colaboramos cos actores sociais e institucionais, como asociacións, concello, entidades sociais, educativas e fundacións, alén dos medios de comunicación. – Realizamos unha busca de asociacións de música do contexto como a Banda de Ponte Ledesma ou a Asociación Mestre Manuel Gacio co obxectivo de axudar na divulgación e difusión do seu traballo – Procuramos bandas de música para colaborar na realización de entrevistas en formato audiovisual – Identificamos bandas de música conformadas polo propio alumnado para divulgar o seu traballo
	4	Planificación do proxecto	– Defínense, a través dos obxectivos e actuacións concretas, os detalles do servizo que se vai realizar – Descríbense os aspectos pedagóxicos do proxecto – Especificase a xestión e a organización do proxecto, coa atribución de responsabilidades concretas ao alumnado e ao profesorado.
REALIZACIÓN	5	Preparación do proxecto co grupo	- Motivación do grupo: é precisa unha primeira etapa de sensibilización con respecto á necesidade social do proxecto e cos obxectivos formulados para promover o seu compromiso e implicación - Diagnostico da necesidade social: o alumnado coñece a realidade grazas á utilización de diversas técnicas —como a enquisa— e á revisión bibliográfica para achegarse de maneira crítica e científica ao mundo social que o rodea - Definición do proxecto: o alumnado fai parte do deseño do proxecto, decide as accións que se van desenvolver, a utilidade social asociada e as aprendizaxes

			asociadas
	6	Execución do proxecto	- Realizar o servizo planificado - Relacionarse coas persoas e entidades sociais e contribuír ao desenvolvemento das habilidades sociais e ao respecto pola diversidade - Rexistrar, comunicar e divulgar o proxecto a través do blog, do material infográfico e dos medios de comunicación - Reflexionar sobre as aprendizaxes atinxidas na execución do proxecto e desenvolver así habilidades metacognitivas
	7	Fechamento do proxecto	- Reflexionar e avaliar os resultados do servizo - Reflexionar e avaliar as aprendizaxes conseguidas - Proxectar novas perspectivas de futuro - Celebrar a experiencia vivida en comunidade
AVALIACIÓN	8	Inicial, procesual, final e institucional	- Avaliar a situación de partida en relación ao coñecemento do patrimonio musical galego - Avaliar o grupo e os seus membros - Avaliar o traballo en rede coas entidades - Avaliar os dinamismos –elementos pedagóxicos que lles dan forma global ás experiencias de ApS– en catro niveis. - Avaliar a experiencia como proxecto ApS - Autoavaliación da persoa dinamizadora do proxecto

A proposta xustifícase, metodoloxicamente, nos seguintes fins: dotar de funcionalidade e significación os procesos de ensino-aprendizaxe, promover unha experiencia educativa cunha utilidade social e impacto positivo no medio e, en terceiro termo, contribuír á formación lingüística e cívica da cidadanía.

6. Xestión e calendario

			Calendario	Xestión
Preparación	1	Detección de necesidades	10/2022	Coordinadoras do proxecto e etapas e o club da lingua (discentes: primaria, secundaria)
	2	Bosquexo da idea	11/2022	Coordinadoras do proxecto e etapas e o club da lingua (discentes: primaria, secundaria)
	3	Estabelecemento de alianzas	12/2022	Coordinadoras do proxecto e etapas e o club da lingua (discentes: primaria, secundaria)
	4	Planificación do	01/2023	Coordinadoras do proxecto e etapas e o club da

		proxecto		lingua (discentes: primaria, secundaria)
Realización	5	Preparación co grupo	02/2023	Coordinadoras do proxecto e etapas e o club da lingua (discentes: primaria, secundaria)
	6	Execución do proxecto	02/2023 11/2023	Profesorado de infantil, primaria e secundaria, alumnado e coordinadoras
	7	Fechamento do proxecto	12/2023	Profesorado de infantil, primaria e secundaria, alumnado e coordinadoras
Avaliación	8	Inicial, procesual, final e institucional	10/2022 12/2023	Profesorado de infantil, primaria e secundaria, alumnado e coordinadoras

7. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1. Profesorado participante. Funcións e tarefas

Profesorado participante na coordinación e seguimento	Etapas Área Grupo	Funcións e tarefas
Rey Tato, Josefina	Infantil	Estabelecemento de alianzas e coordinación das propostas en Infantil
Ribás Camós, Eulalia	Primaria	Bosquexo da idea, planificación do proxecto e coordinación das propostas no ensino primario
Fernández Pastoriza, Lidia	Secundaria	Planificación do proxecto e coordinación das propostas no Ensino Secundario
Quiroga García, Santiago	EDLG	Coordinación xeral do proxecto
Fernández González, M ^a Begoña		Execución e fechamento do proxecto
Fuentes Sampedro, Nuria		Detección de necesidades e medios de comunicación
Garrido Otero, Noelia		Avaliación do proxecto e execución en secundaria
Rodís Martínez, Manuel		Avaliación do proxecto e execución en secundaria

7.2. Alumnado participante (curso, nivel, número)

O alumnado destinatario das intervencións planificadas correspóndese co total do centro.

Etapa	Número de discentes
Ensino infantil	35
Ensino primario	124
Ensino secundario	107

7.3. Outros membros da comunidade educativa

O proxecto está dirixido ao conxunto da comunidade educativa, con diversas accións e propostas:

Membros da comunidade educativa	Acción
Familias	Divulgación do patrimonio musical galego, participación no concerto final de proxecto e formación en plurilingüismo inclusivo familiar
Administración e servizos	Divulgación do patrimonio musical galego, programa de mellora da calidade lingüística no comedor escolar, participación no concerto final

8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

Os recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto son os seguintes: equipo de gravación de imaxe e son, instrumentos musicais do centro educativo e recursos dixitais da sala de informática.

9. Orzamento. Xustificación e desagregación

Concepto	Custo
Equipo de gravación de son	100
Transporte	40
Divulgación do proxecto nos medios	100
Divulgación do proxecto na comunidade educativa: carteis, infografías e trípticos	200

Obradoiro Música e Lingua: repaso da nosa
música contemporánea e o papel da muller

1.360,00

Concerto final: contratación

200

2.000 €

10. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Entidades colaboradoras

Banda de Ponte Ledesma

Asociación Manuel Gacio

Servizo de Normalización da Lingua Galega do Concello de Boqueixón

11. Medidas de difusión do proxecto

11.1. Accións, canles ou vías, medios e formatos

Accións

Divulgación do proxecto en medios de comunicación

Divulgación do proxecto na comunidade educativa: carteis, infografías e trípticos

Difusión do proxecto a través do blog [Musigaliza-te](#)

11.2. Alcance

O alcance do proxecto atínxelle ao conxunto da nosa comunidade educativa, ás asociacións colaboradoras e, grazas ao blog, a todas aquelas persoas que se acheguen virtualmente ao proxecto.

12. Plan de avaliación

A avaliación deste proxecto constitúe, segundo Pérez Juste (2018, p. 73), “un proceso sistemático, deseñado intencional e tecnicamente, de recollida de información rigorosa – valiosa, válida e fiábel – orientado a valorar a calidade e os logros dun programa”. Neste proceso identificamos catro fases: unha inicial (diagnóstica), unha procesual (formativa), unha final (sumativa) e unha circular, referida á institucionalización do proxecto mediante sucesivos ciclos de avaliación e mellora. Para a obtención de información serán utilizadas diferentes técnicas, como as seguintes: de observación (listas de control, escalas, guión de observación), de enquisa (formulario e entrevista), de probas (test).

12.1. Criterios e indicadores para a avaliación

Para podermos valorar a totalidade dos elementos que interveñen neste proxecto, de acordo con García e Aguilar (2011, p. 151), identificamos os seguintes catro niveis

de avaliación —satisfacción, aprendizaxe, transferencia e impacto— cos seus correspondentes indicadores de avaliación:

SATISFACCIÓN

Avaliación que se realiza ao remate da acción formativa, centrada en valorar a satisfacción do alumnado e profesorado.

Indicadores para o profesorado (valoración do 1-4):

- Ofrécese información relevante e suficiente sobre as características, condicións, obxectivos e recursos.
- Os procesos e procedementos de participación no proxecto están definidos e claros.
- Ofrécese orientación e, de ser o caso, formación inicial adecuada.
- Na organización do proxecto existen mecanismos para garantir a coordinación entre o profesorado, con coherencia entre as actuacións.
- O desenvolvemento de proxecto promove tanto a aprendizaxe adaptativa como as estratexias de aprendizaxe baseadas na innovación.
- Ao longo do proxecto realízase unha avaliación inicial, formativa e final que proporcionan información relevante sobre o funcionamento e axudan á toma de decisións.
- A xestión do proxecto garante o bo funcionamento e a coordinación dos elementos que permiten o cumprimento dos obxectivos.

Indicadores (valoración do 1-4) para o alumnado:

- As actividades vinculadas ao proxecto parecéronme de utilidade e interese.
- A organización do proxecto cumpriu coas miñas expectativas.
- Os recursos materiais foron suficientes para o desenvolvemento do proxecto.
- O profesorado axudoume a integrarme e avanzar no proxecto.
- Estou satisfeito/a co proceso e resultado final do proxecto.
- Aprendín a aplicar o coñecemento en actividades prácticas e cooperativas.

APRENDIZAXE

Neste nivel valórase o grao de aprendizaxe alcanzado polo alumnado, é dicir, en que grao adquiriu e/ou mellorou os seus coñecementos e habilidades e, por tanto, a consecución dos obxectivos marcados. Nesta avaliación podemos valorar, a modo de exemplo, as seguintes dimensións: superación de probas, actividades e exercicios, grao de participación e motivación e interese pola acción formativa.

Indicadores (valoración do 1-4):

- Coñece os fitos máis importantes da historia contemporánea da música galega.
- Identifica, como mínimo, unha banda de música galega de cada estilo musical.
- Aumenta o uso da lingua galego cos seus iguais no centro educativo.
- Manifesta unha actitude responsábel coa defensa da ecoloxía lingüística e a diversidade cultural.
- Valora positivamente ter a oportunidade de coñecer un maior número de bandas galegas.
- Participa activa e cooperativamente nas diferentes fases do proxecto.

TRANSFERENCIA

Neste nivel valórase o grao no que o alumnado puxo en práctica o aprendido, é dicir, o grao de aplicabilidade práctica do aprendido. Nesta avaliación valoramos as seguintes dimensións: grao de aplicación á parte práctica proxecto, utilidade dos coñecementos e habilidades adquiridas e grao de mellora ou beneficio do alumnado.

- Aplica o coñecemento teórico aos diferentes contextos prácticos deseñados.
- Mostra interese pola potencialidade das aprendizaxes adquiridas para o deseño de futuros proxectos.
- Mellora no desenvolvemento das habilidades sociais nas tarefas cooperativas.

12.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Este último nivel céntrase na valoración dos resultados finais do programa educativo en termos de retorno, é dicir, en que medida o proxecto ten un impacto beneficioso para a comunidade educativa. Nesta avaliación temos en conta os seguintes indicadores.

- O proxecto mellora o coñecemento do patrimonio musical galego do alumnado.
- O proxecto contribúe positivamente a un aumento no uso da lingua galega entre o alumnado e o profesorado.
- O proxecto favorece o desenvolvemento da competencia lingüística en galego.

13. Referencias documentais

Álvarez, Rosario, coord. (2017). *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Dispoñible en: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4293> [Consultado 05/01/2023].

Batlle, R. (2018). *Proyecto Social. Guía práctica de aprendizaje-servicio*, 4-34.

Bourdieu e Passeron (1970). *A reprodução. Elementos para uma teoria do sistema de ensino*. São Paulo: Perspectiva.

Fernández Paz, A., Lorenzo Suárez, A., & Ramallo, F. (2008). *A planificación lingüística nos centros educativos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Freire, P. (2018). *Pedagogía do Oprimido*. Pontevedra: Kalandraka.

García, F. J. e Aguilar, D. (2011). *Competencias profesionales del pedagogo: Ámbitos laborales y nuevos yacimientos de empleo*. Málaga: Ediciones Aljibe.

Maseda, M. *et al.* (2021). Ao Son da Nosa Música. *Ao son das enquisas*. Youtube.

<https://www.youtube.com/watch?v=bmz0aD2qE-0> [Consultado 10/01/2023].

Monteagudo, H., Loredó, X., Vázquez-Grandío, G., & Nandi, A. (2021). *Prácticas Lingüísticas na Infancia: A xestión lingüística nos primeiros contextos de Socialización*. A Coruña: Real Academia Galega.

Pérez Juste, R. (2018). *Evaluación de programas educativos*. La Muralla, S. A.

Monteagudo, H., Loredó, X., Silva, B., López, M., & Vázquez-Grandío, G. (2021). *Ideas para un plurilingüismo dende o galego no Concello de Ames*.

14. Anexos (fóra dos 33.000 caracteres)

14.1. Enquisa para a avaliación do contexto sociolingüístico do centro

Este punto échese manexando fontes secundarias e mediante entrevistas cos axentes incluídos neste ámbito. Aínda que non existen bases de datos nin series periódicas estatísticas que recollan ano a ano datos da situación sociolingüística galega, existen algunhas fontes que poden resultar útiles:

- *Censo de poboación e vivendas 2001*. Instituto Galego de Estatística
- *Enquisa de condicións de vida das familias* (ECVF). Instituto Galego de Estatística
- *Mapa sociolingüístico de Galiza* (MSG). Real Academia Galega

Ademais, tense en conta a documentación que cada centro foi producindo ao longo dos anos precedentes: enquisas previas, documentación interna etc.

Cuestionario:

Código: _____ **Data:** _____ **Coordinador/a:** Santiago

Quiroga García

1. Situación do centro (Forte, Boqueixón)

2. Tipo de centro:

1. Centro público ou privado de educación infantil
2. Centro público de educación infantil e primaria
3. Centro privado concertado de educación infantil, primaria e secundaria
4. Centro público de educación secundaria
5. Centros públicos integrados

3. Lingua habitual dos fogares

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

4. Lingua habitual nas interaccións comunitarias

1. Só castelán
2. Predomina o castelán

3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

5. Lingua empregada polo Concello na comunicación coas persoas administradas

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

6. Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

ÍNDICE 1: Contexto sociolingüístico do centro

$$I1 = \frac{p3 (0,2)+p4 (0,4)+p5 (0,3)+p6 (0,1)}{4}$$

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

A situación do profesorado

7. Lingua habitual do profesorado

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

8. Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente

1. Moi baixa
2. Baixa
3. Media
4. Alta
5. Moi alta

9. Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada

1. Ningunha
2. Pouca
3. Moderada
4. Boa
5. Plena

10. Actitude do profesorado cara á utilización do galego no ámbito educativo

1. Moi desfavorable
2. Desfavorable
3. Indiferente
4. Favorable
5. Moi favorable

11. Actitude do profesorado cara á normalización social do galego

1. Moi desfavorable
2. Desfavorable
3. Indiferente
4. Favorable
5. Moi favorable

ÍNDICE 2: DISPOÑIBILIDADE DO PROFESORADO PARA IMPARTIR A DOCENCIA EN GALEGO

$$I_2 = \frac{p_7 (0,4) + p_8 (0,1) + p_9 (0,1) + p_{10} (0,2) + p_{11} (0,2)}{5}$$

ÍNDICE 2BIS: DISPOÑIBILIDADE DO PROFESORADO PARA IMPARTIR A DOCENCIA EN GALEGO

$$I_2 = \frac{p_7 (0,4) + p_8 (0,2) + p_{10} (0,2) + p_{11} (0,2)}{4}$$

1. Ningunha

2. Pouca
3. Moderada
4. Boa
5. Plena

A situación do alumnado

12. Lingua habitual do alumnado

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

13. Lingua habitual da súa familia

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

14. Lingua usada polo alumnado no ámbito escolar

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

15. Competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior

1. Moi deficiente
2. Deficiente
3. Aceptable
4. Boa
5. Moi boa

16. Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo

1. Moi desfavorable
2. Desfavorable
3. Indiferente
4. Favorable
5. Moi favorable

17. Actitude do alumnado cara á normalización social do galego

1. Moi desfavorable
2. Desfavorable
3. Indiferente
4. Favorable
5. Moi favorable

ÍNDICE 3: PRESENZA DO GALEGO NA VIDA DO ALUMNADO

$$I_3 = \frac{p_{12} (0,3) + p_{13} (0,1) + p_{14} (0,1) + p_{15} (0,2) + p_{16} (0,15) + p_{17} (0,15)}{6}$$

1. Ningunha
2. Pouca
3. Moderada
4. Boa
5. Plena

14.2. Enquisa para a avaliación competencial e actitudinal do profesorado

Código:_____ **Data:**_____

1. Situación do centro (Forte, Boqueixón)

VARIABLES SOCIODEMOGRÁFICAS

3. Idade:

4. Lugar de residencia

VARIABLES SOCIOLINGÜÍSTICAS

5. Que lingua emprega habitualmente?

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Predomina o galego
4. Só galego
5. Outra(s)

6. Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Predomina o galego
4. Só galego
5. Outra(s)

7. Como consideras a túa capacitación para empregar o galego na actividade docente?

1. Moi baixa
2. Baixa
3. Media
4. Alta
5. Moi alta

8. Cal é a túa disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada?

1. Moi baixa
2. Baixa
3. Media
4. Boa
5. Plena

9. Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente en desacordo
2. Bastante en desacordo
3. Indiferente
4. Bastante de acordo
5. Completamente de acordo

N.º	Enunciado	Valoración				
1	En Galicia, debería usarse máis o galego	1	2	3	4	5
2	As matemáticas pódense aprender en galego	1	2	3	4	5
3	A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece	1	2	3	4	5
4	O uso do galego establecido na lexislación educativo é excesivo *	1	2	3	4	5
5	O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua	1	2	3	4	5
6	O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos	1	2	3	4	5
7	A lingua galega debe ser fomentada socialmente	1	2	3	4	5

*** Os valores da escala para o enunciado 4 son os seguintes:**

1. Completamente de acordo
2. Bastante de acordo
3. Indiferente
4. Bastante en desacordo
5. Completamente en desacordo

14.3. Enquisa para a avaliación competencial e actitudinal das familias e do alumnado

a) Formulario para a etapa de educación infantil e primeiro ciclo de primaria

Data: _____

1. Escolle o nivel no que impartes docencia:

1. 4º de infantil
2. 5º de infantil
3. 6º de infantil
4. 1º de primaria
5. 2º de primaria

2. Lugar de residencia

3. Profesión do pai e da nai ou dos titores/as legais

4. Que usos lingüísticos fai o teu alumnado na escola?

Fundamentalmente os que se dan de maneira espontánea entre iguais, nun contexto de lecer ou de situacións de aprendizaxe cooperativas.

b) Formulario para a o segundo e terceiro ciclo de primaria e para educación secundaria obrigatoria

Data: _____

1. Nivel:

1. 3º de primaria
2. 4º de primaria
3. 5º de primaria
4. 6º de primaria
5. 1º da ESO
6. 2º da ESO
7. 3º da ESO
8. 4º DA ESO

2. Nome e apelidos

3. Lugar de residencia

3. Profesión do pai:

4. Profesión da nai:

5. En que lingua aprendiches a falar?

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego
3. Só galego
4. Máis galego que castelán
5. Noutra(s)

6. Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego
3. Só galego
4. Máis galego que castelán
5. Outra(s)

7. Que lingua usas frecuentemente nas actividades extraescolares?

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego
3. Só galego
4. Máis galego que castelán

5. Outra(s)

8. Que lingua acostumas utilizar na escola?

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego
3. Só galego
4. Máis galego que castelán
5. Outra(s)

9. Que lingua utilizas frecuentemente para ler libros?

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego
3. Só galego
4. Máis galego que castelán

10. Que lingua utilizas xeralmente para xogar a videoxogos?

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego
3. Só galego
4. Máis galego que castelán

11. Que lingua utilizas frecuentemente para ver debuxos animados ou películas?

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego
3. Só galego
4. Máis galego que castelán

12. Que lingua utilizan as/os profesoras/es contigo fóra das clases, por exemplo, no patio, corredores e espazos comúns do centro?

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego
3. Só galego
4. Máis galego que castelán

13. Pensa na etapa de educación infantil e na lingua que falabas naquela altura. Agora reflexiona no teu curso actual e na lingua que máis falas cos teus compañeiros/as.

Compara as dúas situacións e responde:

1. Só castelán
2. Máis castelán que galego

3. Só galego
4. Máis galego que castelán

VARIÁBEIS SOCIOLINGÜÍSTICAS

Cuestionario

9. Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente en desacordo
2. Bastante en desacordo
3. Indiferente
4. Bastante de acordo
5. Completamente de acordo

N.º	Enunciado	Valoración				
1	O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos	1	2	3	4	5
2	As matemáticas pódense aprender en galego	1	2	3	4	5
3	A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece	1	2	3	4	5
4	Gustariame recibir máis clases en galego	1	2	3	4	5
5	En Galicia, o galego é pouco útil*	1	2	3	4	5
6	En Galicia, debería usarse máis o galego	1	2	3	4	5
7	A xente que fala castelán é máis intelixente*	1	2	3	4	5

*** Os valores da escala para os enunciados 5 e 7 son os seguintes:**

1. Completamente de acordo
2. Bastante de acordo
3. Indiferente
4. Bastante en desacordo
5. Completamente en desacordo

c) Formulario para familias

Idade do fillo/a:

Curso:

Lugar de
residencia:

Profesión do pai:

Profesión da nai:

En que lingua aprendeu a falar o/a voso/a fillo/a?

1. En castelán
2. En galego
3. Nas dúas
4. Noutra(s)

Que lingua se fala habitualmente na vosa casa?

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
4. Predomina o galego
5. Só galego
6. Outra(s)

Que lingua usa o/a voso/a fillo/a?

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
4. Predomina o galego
5. Só galego
6. Outra(s)

Valorade os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente en desacordo
2. Bastante en desacordo
3. Indiferente
4. Bastante de acordo
5. Completamente de acordo

N.º	Enunciado	Valoración				
1	O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos	1	2	3	4	5
2	As matemáticas pódense aprender en galego	1	2	3	4	5
3	A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece	1	2	3	4	5
4	Gustaríanos que o/a noso/a fillo/a recibise máis clases en galego	1	2	3	4	5
5	En Galicia, o galego é pouco útil*	1	2	3	4	5
6	En Galicia, debería usarse máis o galego	1	2	3	4	5
7	A xente que fala castelán é máis intelixente*	1	2	3	4	5

14.4. Enquisa de ambientabilidade lingüística do centro

18. Presenza da lingua galega na documentación administrativa, na sinalización do centro, nas notas informativas dos taboleiros etc.

1. Ningunha
2. Escasa
3. Moderada
4. Ampla
5. Plena

19. Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións

1. Ningún
2. Escaso
3. Moderado
4. Amplo
5. Pleno

20. Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais

1. Ningún
2. Escaso
3. Moderado
4. Amplo
5. Pleno

21. Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro

1. Ningún
2. Escaso
3. Moderado
4. Amplo
5. Pleno

22. Emprego da lingua galega por parte da ANPA

1. Ningún
2. Escaso
3. Moderado

4. Amplo

5. Pleno

23. Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares

1. Ningún

2. Escaso

3. Moderado

4. Amplo

5. Pleno

24. Dotación de fondos en galego na biblioteca

1. Moi deficiente

2. Deficiente

3. Aceptable

4. Boa

5. Moi boa

25. Presenza da lingua galega na utilización das TIC

1. Moi deficiente

2. Deficiente

3. Aceptable

4. Boa

5. Moi boa

26. Visibilidade das accións do EDLG

1. Ningunha

2. Escasa

3. Moderada

4. Ampla

5. Plena

ÍNDICE 4: PRESENZA AMBIENTAL DO GALEGO NO CENTRO

$$I_4 = \frac{p_{18}(0,3)+p_{19}(0,1)+p_{20}(0,1)+p_{21}(0,2)+p_{22}(0,15)+p_{23}(0,15)+p_{24}(0,15)+p_{25}(0,15)+p_{26}(0,15)}{9}$$

1. Ningunha

2. Escasa

3. Moderada

4. Ampla

5. Plena

INDICADOR GLOBAL: O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

$$IG = \frac{I1 (0,1)+I2 (0,4)+I3 (0,3)+I4 (0,2)}{4}$$

- Contorno castelanófono
- Contorno con predominio do castelán
- Contorno con presenza similar das dúas linguas
- Contorno con predominio do galego
- Contorno galegófono

